

María Solar: «Vivimos de costas á sabedoría dos maiores e iso ímolo pagar»

[CARLOS CRESPO](#)

Unha bomba nun faiado e moitas cargas de profundidade agachadas entre liñas estoupan en «As malas ideas», novela que reflexiona sobre o prezo do éxito e a vellez dende o absurdo e a vertixe do caos

13 de marzo de 2026

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2026/03/13/span-langglvivimos-costas-a-sabedoria-dos-maiores-iso-imolo-pagarspan/0003_202603SF13P1991.htm

Hai mil razóns que poden atormentar unha vida e rebentar unha existencia. Dende a carencia duns váteres químicos ata atopar unha bomba no faiado da casa do teu pai. En Elías concordaron as dúas. E non era máis que o principio. A partir desa situación, que xoga co absurdo, a ironía e certo surrealismo, María Solar (Santiago, 1970) tece en **As malas ideas** (Xerais e Contraluz) un relato cheo de fascinantes policromías vitais no que vai acomodando sutís cargas de profundidade a xeito de **reflexións en torno á vellez, ao éxito, á entrega ao traballo, á relación entre pais e fillos, aos coidados, ao desencanto** ou ás desmedidas **ambicións**. *As malas ideas* fala de alguén a quen lle rebenta o mundo sen querer e doutros que o queren rebentar porque están a disgusto no mundo. María Solar sèrvese do contexto dunha produción audiovisual, algo que coñece ben, para ubicar unha novela poliédrica e interxeracional que gaña en vertixe a medida que avanza. «A miña meta sempre é que os libros se lean. Un libro que queda tirado na mesiña de noite porque non dás avanzado é un fracaso. Un bo libro ten que tirar de ti», comenta.

—De que quería falar nesta novela?

—Do éxito. Do que deixas atrás na vida para conseguilo. De que pasa cando xa tes 50 anos e a túa carreira máis ou menos encamiñada. De como xestionar entón as expectativas. E, por outra banda, dos maiores, que están no punto contrario: remataron de traballar e empezan a facer balance. Balance dos fillos, do que lles devolve á sociedade... Séntense un cero á esquerda, cando realmente son persoas moi válidas. Vivimos de costas á sabedoría dos maiores e iso habémolo pagar como sociedade.

—A primeira frase do libro é: «O día que morreu o seu pai, Elías estaba desbordado pola crise desatada a causa duns váteres químicos». Cantas voltas lle deu para escollela?

—Non demasiadas. Cando me saíu xa me pareceu que era o comezo. Morre teu pai, que é algo terrible e dramático que sucede só unha vez na vida e tes que estar aí, pero ti estás nun momento surrealista no teu traballo, e para ti ten unha importancia vital. Así que me permitía situar o conflito e o absurdo xa na primeira frase.

—Na páxina 54, aínda ao principio, escribe: «Todo era esperpéntico». É un aviso a navegantes de por onde vai ir a novela?

—Eu desfruto moitísimo co absurdo. Gústame moito esa idea de que che vaian pasando cousas que te descolouquen absolutamente e teñas que reaccionar a algo para o que non estás preparado para reaccionar. De repente na túa vida aparece unha bomba, literal ou non literal, e tes que tomar unha serie de decisións. Que igual non son as mellores pero nese momento son as que se che ocorren e vas fuxindo cara adiante. A min situar aí os personaxes paréceme un lugar marabilloso para un libro.

—Hai moito absurdo e hai tamén humor.

—Non é unha comedia, pero si, hai moito humor. O humor é algo que nos fai intelixentes. É unha maneira de afrontar a vida e de quitarlle transcendencia ás cousas. O humor xoga coa tenrura e co drama. E non é só que crea que funcione no libro, e que eu son así, eu na miña vida practico iso.

—Cando publicou a súa anterior novela, «A culpa», díxome: «Neste libro arrisquei moito». E neste?

—Neste tamén. En *A culpa* sabía que arriscaba polas características do libro. E neste porque vén despois de *A culpa*. É un libro absolutamente diferente. Eu non son autora de xénero, non fago libros que tratan do mesmo ou cos mesmos personaxes. Entón, claro que arriskas porque non estás no mesmo lugar nin ofreces o mesmo e tes que gañar á xente desde outro punto.

—Como se lle ocorreu a idea da bomba, que é a que fai reventar o libro?

—De verdade que non sei de onde saquei a idea de que houbese unha bomba, e ademais unha bomba tan absurda. Ao mellor do concepto de querer que ao protagonista lle rebentase a vida e de que os vellos deste libro realmente están moi cabreados e queren tamén reventar cousas.

—Hai autores que usan noticias como base para as novelas. No seu caso, a actualidade sêrvelle de inspiración?

—Non, eu non me baseo en noticias. Pero si en ter os ollos moi abertos ao que pasa ao meu redor e metelo no medio dunha historia que pode parecer absurda, pero na que hai debaixo un soporte real. Eu teño relación co audiovisual e era un sector sobre o que quería escribir. Porque teñen unha maneira de vivir moi singular. Estamos moi acostumados ao *glamour* e descoñécese a dureza extrema que ten ese traballo e a maneira na que lle absorbe a vida aos profesionais. E, por outra banda, está o asunto da xente maior, que nun momento dado ten que prescindir ata do máis básico, como a intimidade. Iso supón unha renuncia bestial. E tamén quería contalo.

—A xornalista que é asoma por algún lugar nesta novela?

—Creo que a xornalista asoma sempre. Asoma na maneira de narrar, nos ritmos e nas manías. Eu teño que acreditar e comprobar absolutamente todo o que escribo. Traballei cunha pirotecnia porque a miña bomba tiña que ser real. Cun médico porque a cirurxía de Merceditas tiña que ser esa en concreto... Son moi meticulosa.

—Valórase máis unha xornalista que escribe?

—Non o sei. Eu o que valoro é que me lean e as cousas que a xente me conta cando me le. Para min, que traballo na radio e na tele, escribir parécese máis á radio. A tele é imaxe e a radio é máis íntima porque ten unha parte de construción. Ti non estás vendo a quen che fala, estalo imaxinando. Pero está na túa casa ou no teu coche, contigo. E ler é así tamén. Cando ti les estás construíndo esa historia xunto co autor.

—Canto hai de autobiografía nesta novela?

—Non tanto de autobiografía como de coñecer de cerca o sector do audiovisual. E, despois, que teño unha nai de 97 anos. Entón, aí si que ves as renunciadas e como filla faste preguntas. Canto estou dando e canto máis debería dar? Ata onde podes dar sen renunciar á túa vida? Ata onde tes dereito a ser egoísta e preservar a túa independencia?... Entón, non é autobiográfica pero ten de min.

—«A profesión non valía as persoas que deixei no camiño», di Elías. É algo que ten en conta no seu día a día?

—A min non me pasa pola miña maneira de ser, que é moi distinta á de Elías. Pero si que hai xente que polo traballo vai deixando atrás a parellas, a pais, a fillas... Eu son moi de familia, de grupo, de querer, de amar, de coidar. De feito, igual son de máis desa condición. Pero se para ti o que prevalece é o éxito laboral, tes que ter en conta que ás veces podes estar perdendo o éxito vital.

—Os personaxes das súas novelas son deses que non deixan indiferentes.

—Traballo moitísimo o perfil psicolóxico dos personaxes e como falan. Coido moitísimo os diálogos. Como lectora, non soporto que todos os personaxes falen igual.

—Todos teñen, polo menos, dúas caras.

—Somos moi de facer demos e santiños, e eu iso ódoo. Todos somos miserables e marabillosos. E penso que neses contrastes é onde os personaxes collen máis cor.

—Ferrol é case tamén un personaxe no libro.

—Eu vivín en Ferrol en dúas temporadas da miña vida e tiveron a sensación dun lugar marabilloso. Pareceume un sitio diferente e bonito para ubicar unha novela.

—Por que o libro está estruturado en capítulos tan curtos?

—Ten que ver co ritmo que pedía a propia novela. Ademais, a miña maneira de escribir e o tempo que teño para facelo axústase a eses capítulos. E a maneira de ler de moita xente, que tampouco ten tempo, tamén.

—Escribe de xeito lineal?

—Si, sempre. E con bastante seguridade, no sentido de que non elimino un capítulo enteiro ou 40 páxinas. Eu coido moito as palabras e as frases, o que me leva a escribir moi lento, pero o que vou escribindo é moi definitivo.

—No seu caso, a escrita xurde dunha forma espontánea e natural ou hai unha parte medio científica e medio química de «vou unir isto con isto e o resultado vai ser este»?

—Eu penso moitísimo os libros antes de empezar a escribilos. Moitísimo. Está todo bastante argallado. Profundo moitísimo en como vai ser cada personaxe. Cada un xa ten a súa maneira de ser antes de empezar. E incluso a interacción que vai haber entre eles. Preparo onde van a estar os xiros do guión... Si, prepároo moito. Tardo case máis en empezar o libro que en escribilo.

—Cre que nesta novela hai un guión?

—Eu creo que si. Para unha *pelí*.

—Tíñao en conta cando estaba escribindo?

—En absoluto. Si creo que se podería facer, pero habería que amañar moitas cousas.

—A carreira de Elías, o protagonista, comeza a poñerse en entredito por un meme en redes. É un risco certo na vida real?

—Podería chegar a pasar, si. As redes poden elevar moitísimo ás persoas, pero tamén poden facer moito dano, tanto polo que engrandecen os egos como polas vidas falsas que amosan. A min preocúpanme moito os adolescentes. Eu non sei que María Solar sería se houbera tido redes na miña adolescencia. Teño postas moitas alarmas respecto diso.

—Edita este libro en castelán e galego.

—Levo anos sacando os libros simultaneamente en galego e en castelán. Creo que é moi bo que saian nos dous idiomas e que nos poidan ler fóra aos autores de aquí, aínda que cada vez é máis complicado.

—Esta vez incluso fixo vostede a tradución, por que?

—Un pouco por necesidade. Empecei a traducila para entregarlle unhas páxinas a miña axente de fóra, que non le galego, e xa seguíu para adiante. Pero cústame moito.

—Que é o que máis lle custou?

—Os tempos verbais. É que non atino un á dereita [ri]. E despois, que refago demasiado. Cando o estou pasando ao castelán refago, aínda que sexan cousas pequenas, e esas correccións lévoas despois tamén ao galego... Entón, andas de diante para atrás.

—Moitos escritores din que o que máis odian é a promoción. No seu caso, ten o aliciente de que sitúa do outro lado da mesa de entrevistas.

—Eu o que máis odio é corrixir. A promoción é un traballo máis que tes que facer pero eu pásoo ben falando coa xente dos libros.

—«O mundo é diferente subida a uns tacóns de agulla», di nun momento da obra.

—Si, os tacóns de agulla representan o empoderamento, pisar forte. Para Irene eses tacóns teñen tamén que ver coas súas tendencias sexuais, pero o pisar forte é unha actitude fronte ao mundo. E ás veces, cando o necesitas, realmente fas o xesto de pisar forte, de camiñar ergueita.

—Teno moi presente na súa vida cotiá?

—Moitas veces na vida as mulleres temos que pisar forte, porque sen non pápante. Eu tiven moitos momentos nos que tiven que pisar forte para tirar para adiante e dicir: «Ti non me papas. Aquí estou eu».

—«A rebeldía era masculina na xente da súa idade». di de Merceditas nun momento da novela.

—As mulleres fomos historicamente domesticadas. Non nos deixaron desenvolvernollos intelectual nin laboralmente. E Merceditas rebelouse contra iso, aínda que fose á forza, porque lle faltou a súa parella e tivo que ser nai solteira. Iso lévaa a unha rebeldía vital que non atopa nesas outras mulleres domesticadas da súa época. Eu tiven moitas discusións con miña nai por cousas sobre as que eu cría que ela non podía actuar así, pero non lle podes botar en cara a alguén que foi educada así, a golpes moitas veces, que actúen dunha determinada maneira.

—A culpa, que daba título ao seu anterior libro, tamén está asoma nalgúns pasaxes deste. «A culpa non axuda a reparar», escribe

—A culpa parálizate. Cando sentes culpa, non vas reaccionar mellor, vas seguir sufrindo e padecendo cada vez máis ata chegar á autodestrución. Por iso sementar a culpa e converter ás mulleres en fonte de pecado foi unha maneira de domesticarnos. Pero a culpa non é a solución, nunca.

—Escolleu como cita para abrir o libro unha de «Las gratitudes», de Delphine de Vigan: «Envejecer es aprender a perder».

—Eu lin *Las gratitudes* cando xa tiña escrito este libro e pensei: «Hai máis xente pensando parecido a min». Pero é que é moi evidente que a sociedade dálle cada vez máis as costas a persoas que se senten moi abandonadas nese terrible proceso que é ceder a súa independencia. Hai moi poucas civilizacións que marxinasen tanto a sabedoría dos vellos coma nós.

—«Iso era o que facían os anciáns, evitar molestar», escribe nun momento.

—É triste pero para moita xente maior esa é hoxe a súa maneira de estar no mundo.

—Cal sería a banda sonora de «As malas ideas»?

—Elías é, máis ou menos, da miña idade, así que sería un pouco a miña banda sonora vital. Por moito que te modernices, eu sigo caendo en The Cure, en U2... E logo hai unha banda sonora que aparece explícita na primeira páxina do libro, que é a de Guadi Galego. Transitar do todo a nada é moi complicado e Guadi, en *Pélagos. Contos oníricos*, cóntao moi ben.

—Que pregunta lle faría a María Solar se tivese que entrevistala por este libro?

—Preguntaríalle por que é tan distinto ao anterior.

—E que lle respondería?

—Que ten que ver co meu divertimento persoal. O público que ten un autor de cabeceira, máis ou menos sabe o que lle vai entregar. No meu caso, son un pouco máis incerta. Nunca sabes que vou ofrecer. Pero tamén aí está o xogo e así son eu.